UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
REXISTRO XERAL
25.MAR99 02008
SAIDA

Mediante convenios asinados con diversas empresas e organismos, e autorizados pola Universidade de Santiago de Compostela, a Facultade de Ciencias Políticas e da Administración propiciou a realización de prácticas en empresas recoñecibles como créditos de libre configuración por parte dos seus alumnos. Tendo en conta a data de realización das citadas prácticas e co fin de que de xeito conxunto os alumnos que as realizaron poidan imputalas no seu expediente e modifica-la súa matrícula, ó abeiro do recollido nas Normas de Xestión Académica, procede dictar a presente resolución.

É conveniente establecer tamén, con carácter xeral, a utilización dos modelos de certificados xa aprobados como procedemento de recoñecemento das prácticas nos casos nos que o modelo de actas non sexa operativo. Polo exposto,

ESTE RECTORADO RESOLVEU:

PRIMEIRO.- Unha vez realizadas as prácticas en empresas recoñocibles como créditos de libre configuración por parte dos alumnos da Facultade de Ciencias Políticas e da Administración, e avaliadas consonte os criterios contidos no respectivo convenio, estas serán imputables co número de créditos máximo que estea establecido no dito convenio. Para o dito recoñecemento o Secretario da Facultade, certificará as prácticas realizadas polo alumno no modelo aprobado por resolución da Secretaría Xeral do 3 de xullo de 1997.

Os certificados, asinados polo Secretario da Facultade farán constar como data da resolución, a data da convocatoria concreta pública feita polo Centro. Nos documentos que se expidan das prácticas realizadas antes desta data, constará a da presente resolución.

SEGUNDO.- Os alumnos que non aboaran os prezos de matrícula para realiza-las prácticas aboaranos coa presentación do certificado na Unidade de Xestión Académica, para o que se lles expedirá a oportuna liquidación, sen máis trámite e á vista do documento.

TERCEIRO.- Consonte ó artigo 13 das Normas de Xestión Académica e á Resolución Rectoral do 23 de xaneiro de 1998, os alumnos afectados pola presente resolución poderán modificar a súa matrícula, sempre e cando non concorreran a ningunha convocatoria de exame das materias que pretendan anular.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 1999

O RECTOR,

(PD RR do 22 de marzo)

O VICERRECTOR DE RELACIÓNS EXTERIORES E PROXECCIÓN UNIVERSITARIA,

Fernando Domínguez Puente

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS – SR. SECRETARIO XERAL – SR. DECANO DA FACULTADE DE CC. POLÍTICAS E DA ADMIÓN. – SRA. XEFA DO SERVICIO DE ALUMNADO – SR. DIRECTOR DO COIE – SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR